

## NOTAS SOBRE *ROMEO E XULIETA*

Verona no século XIV, cidade desgarrada por loitas entre liñaxes nobres que se teñen un odio secular e queren dominar o Estado. Os Capuleto e os Montesco representan estas rivalidades.

A obra de Shakespeare ten unha relevante dimensión política que a ópera de Gounod deixa en segundo plano, porque o que lle interesa ao compositor é a tensión sentimental, o mundo interior e a vida privada dos dous protagonistas. Por iso, os encontros entre Romeo e Xulieta invaden a ópera, máis que o texto teatral, e por iso Gounod compón catro fermosísimos dúos de amor, algo sen precedentes na ópera francesa e italiana da época.

Aquí, Romeo e Xulieta parécense tanto —pola súa xuventude, beleza, afouteza e sensualidade— que incluso inverten as súas armas no momento da morte, de maneira que Romeo se suicida bebendo un veneno, o instrumento tradicional “do feminino”, mentres que Xulieta lle pon fin á súa vida apuñalándose coa daga do seu amante, o instrumento que encarna tipicamente “o masculino”.

A Xulieta de Shakespeare esperta despois de que Romeo morrese. Na ópera, ela esperta antes da morte de Romeo para que, na súa agonía, aínda lle queden ánimos suficientes para unha secuencia de gran paixón e afronten un conmovedor dúo que selará o final do drama.

E co seu sacrificio, a xuventude expresa o seu rexeitamento a camiñar sobre as pegadas sangüentas das xeracións precedentes.

O director de escena Thomas Jolly retrata un amor desafiante nunha fermosa cidade renacentista, Verona, convertida nun berce de morte asolado pola peste, pero faino a través dunha escenografía monumental e evocadora presidida por unha espectacular escaleira que reproduce a orixinal da ópera de París, o Palais Garnier. Acción trepidante, vestuario imaxinativo e cheo de cor, danza e un elenco protagonizado polas grandes voces do momento (Nadine Sierra, como Xulieta, e Javier Camarena, como Romeo) fan a combinación perfecta.



Máis información sobre a ópera e o elenco no programa de man que se pode descargar neste QR.

 **TEATRO REAL**  
CERCA DE TI

# ROMEO E XULIETA

DE CHARLES GOUNOD

13 XUÑO 19:30 H

RETRANSMISIÓN EN DIRECTO  
DESDE O TEATRO REAL

Nova produción do Teatro Real, en coprodución coa Opéra national de Paris

Patrocina

endesa



TEMPORADA  
**25/26**

# ROMEO E XULIETA

Ópera en cinco actos

**Música de Charles Gounod (1818-1893)**

Libreto de Jules Barbier e Michel Carré, baseado na obra homónima (1597) de William Shakespeare

Nova produción do Teatro Real, coprodución coa Opéra national de Paris

## EQUIPO ARTÍSTICO

Director musical  
Director de escena

**Carlo Rizzi**  
**Thomas Jolly**

## ELENCO

Juliette (Xulieta)  
Roméo (Romeo)  
Frère Laurent (Frei Lourenzo)  
Mercutio (Mercucio)  
Stéphano  
Capulet (Capuleto)  
Tybalt (Teobaldo)  
Gertrudis (A aia)  
Duque  
Páris (Paris)  
Gregorio  
Benvolio  
Frère Jean (Frei Xoán)

**Nadine Sierra**  
**Javier Camarena**  
**Roberto Tagliavini**  
**Benjamin Appl**  
**Héloïse Mas**  
**Laurent Naouri**  
**Maciej Kwasnikowski**  
**Sonia Ganassi**  
**David Lagares**  
**Tomeu Bibiloni**  
**Josep-Ramon Olivé**  
**Pablo Martínez**  
**Javier Castañeda**

## Coro e orquestra titulares do Teatro Real

A emisión en directo é unha produción do Teatro Real en colaboración con Mediapro.

Retransmisión patrocinada por Telefónica (mecenas principal tecnolóxico), Endesa (mecenas principal enerxético), Loterías y Apuestas del Estado e Fundación Mutua Madrileña.

## ARGUMENTO

### ACTO I

Baile de máscaras no palacio dos Capuleto. Teobaldo e Paris esperan a futura noiva deste, Xulieta. Tres Montesco —Romeo, Mercucio e Benvolio— achéganse á festa. Romeo queda fascinado por Xulieta. Ambos namóranse no intre. Cando descubren as súas respectivas identidades, xa é demasiado tarde.

### ACTO II

Incapaz de esquecer a Xulieta, Romeo instálase debaixo do seu balcón. Ela aparece e el corre aos seus brazos e decláralle o seu amor. Gregorio, servente dos Capuleto, interrómpeos acompañado de varios criados, buscan un paxe dos Montesco ao que viron axexando. De novo sós, volven ás súas confidencias. A ama obrígaos a se separaren logo de se xuraren fidelidade eterna.

### ACTO III

**Escena primeira.** Ao amencer, Romeo visita o seu amigo frei Lourenzo e confíalle a súa paixón por Xulieta; ela séguelo á cela do frade, acompañada da ama. Os amantes volven intercambiar promesas en presenza do monxe, quen bendice a súa unión.

**Segunda escena.** O paxe de Romeo busca o seu amo en van. Sorprendido por Gregorio, rétao a un duelo. Nel entremétense Mercucio e Benvolio, e despois Teobaldo e Paris. Mercucio e Teobaldo cruzan as súas espadas. Romeo intenta evitalo apelando á paz entre ambas as familias, pero Teobaldo fere de morte a Mercucio. Cegado pola dor, Romeo ataca a Teobaldo e mátao. O ruído da pelexa atrae o duque de Verona, quen acaba condenando a Romeo ao exilio.

### ACTO IV

**Escena primeira.** Ignorando a súa condena, Romeo métese na cámara de Xulieta e pasan a noite xuntos. Cando Romeo se vai ao amencer, Xulieta debe enfrontarse ao seu pai, quen quere casala con Paris. Desesperada, busca a frei Lourenzo, quen lle propón tomar un narcótico que a faga parecer morta. Previsto polo monxe, Romeo irá buscala á cripta dos Capuleto, desde onde poderán fuxir. Xulieta toma o contido da botella.

**Escena segunda.** O conde Capuleto conduce a cambaleante Xulieta cara á capela do seu palacio. Ao vela desfalecer de súpeto, proclámaa morta.

### ACTO V

**Escena primeira.** Frei Laurent descobre que a Romeo non lle chegou a súa carta coa estrataxema e mándalle outro mensaxeiro.

**Escena segunda.** Sabedor da morte de Xulieta, Romeo vai á cripta dos Capuleto. Disposto a seguila, bebe un veneno. Xulieta esperta. Pero a ledicia do reencontro é breve, pois consciente do xesto fatal do seu amante, a moza apuñálase. Implorando o perdón dos ceos, ambos morren xuntos.